

'Resalgario en Traslucia' conta as aventuras dun diaño, que busca o siso en Santiago

Antonio Reigosa obtén o premio de literatura infantil 'Raíña Lupa'

O xurado da terceira edición do premio de literatura infantil *Raíña Lupa* elixiu onte a obra *Resalgario en Traslucia* do lucense Antonio Reigosa Carreiras como a mellor das trinta que foron presentadas ó certame. A Deputación coruñesa editará o libro gañador e entregarlle ó seu autor un millón de pesetas. *Resalgario en Traslucia*

describe as aventuras dun fillo do demo, que é instado polo diaño para que chegue a Compostela e alí recobre o siso. O libro de Reigosa, autor que gañou o premio *Merlín* en 1998 e foi finalista no Nacional de Literatura Infantil do Ministerio de Cultura en 1999, foi presentado ó concurso co lema *Cando o demo anda solto*.

REDACCIÓN. CARMEN ABUÍN

O mellor premio para Antonio Reigosa é que os nenos aprendan a disfrutar da literatura en galego, segundo sinala o gañador da presente edición do *Raíña Lupa*. "Os rapaces agradecen o humor e eu procuro que se divirtan lendo", por iso, fai "crítica social retranqueira".

Os seus lectores son os seus mellores críticos, xa que "os nenos sempre din a verdade, e se lles gusta o que escribes dincho e senón, tamén".

Antonio Reigosa escribe igual para pequenos que para adultos. "Non me corto á hora de escoller o léxico nin as historias", manifesta.

Nos seus libros para nenos "hai unha carga máis forte de fantasía, do marabilloso, pois está probado que os rapaces entenden moi ben o simbólico. Xogo moito coa tradición oral galega, que hoxe está desaparecendo, porque están a desaparecer os narradores". Pero, aínda que se inspira nesta tradición, séntese "libre para crear, aínda que os contos populares son una fonte a onde acudir".

O libro polo que o xurado lle otorgou o premio *Raíña Lupa* "vaise chamar *Resalgario en Traslucia*, aínda que o título se podería cambiar, xa que non é doado de pronunciar". Nel, Antonio Reigosa, conta a "historia



AEP

O lucense Antonio Reigosa inspira as súas obras na tradición oral

dun fillo do demo, que é castigado polo seu pai a ir a Santiago a dar os tres croques, a ver se así lle veñen as entendedeiras". No camiño, "o novo diaño namorase, fai das súas e cando chega a

Santiago venlle por fin o siso", pero en lugar de voltar co seu pai "quédase entre nós".

O camiño, subliña Antonio Reigosa "non é ningún dos coñecidos. Ademais, a historia

conta coa peculiaridade de que cada vez que esperta o protagonista está nun sitio diferente. O camiño non é un camiño físico recoñecible, aínda que descorre por Galicia. A través del viaxa un peregrino desorientado e é a súa amada a que lle dá a solución para chegar a Santiago".

O feito de ter fillos achega ó autor de *Resalgario en Traslucia* os gustos dos máis pequenos. Incluso, no libro gañador do *Raíña Lupa*, hai un capítulo no que se celebra unha "feira de palabras en Gontán, na que inclúo *pitohuevos*, que inventou un dos meus fillos cando tiña menos de tres anos".

□ UNANIMIDADE. "O xurado foi unánime", ó elixir *Resalgario en Traslucia* como merecedora do premio *Raíña Lupa*, aínda que "algún cuestionaba se sería un libro adecuado ó público infantil", sinalou Antonio Reigosa.

O fallo desta edición correspondeu a María Teresa Vilariño (proferosa de Literatura na facultade de Filoloxía de Santiago), Silvia Gaspar (crítica literaria e autora de libros infantís), Andrés Sobrino (profesor de Literatura Infantil na facultade de Ciencias da Educación na Coruña), Manuel Rodríguez (periodista) e Mario Pereira (que gañou o certame na pasada edición con *Velaí vai o verme*).